

10. INFORMES DE SEGUIMENTO

O promotor e/ou investigador principal do estudo debe remitir, cunha periodicidade mínima anual, un informe de seguimento, sen prexuízo de que o comité de ética da investigación correspondente poida solicitar informes cunha periodicidade inferior. Ademais, debe remitir o informe final de resultados cando estea finalizado.

Co obxectivo de obter unha información o máis semellante posible dos diferentes estudos de investigación, elaborouse un formulario que serve como modelo para a elaboración dos [informes de seguimento](#).

Os informes de seguimento (anual e de seguridade) e o informe final deben ser enviados a través do correo electrónico ceic@sergas.es e, no caso de ensaios clínicos con medicamentos, a través do portal de ensaios clínicos da [Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios](#) (AEMPS).